

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento TR811A).

BDNS (Identif.): 606566.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

- As asociacións de entidades de economía social.
- Os concellos de Galicia, e as áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e os consorcios locais.
- As cámaras de comercio.
- As universidades.
- As fundacións e asociacións, e as organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

As entidades beneficiarias deben ter formalizada a súa adhesión á Rede Eusumo mediante a subscripción de convenio de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, nos termos previstos no artigo 13 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social e se regula o seu funcionamento, con anterioridade á publicación da orde de convocatoria.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento TR811A).

Cuarto. Contía

O orzamento total ascende a seiscentos oitenta e tres mil euros (683.000,00 €), distribuído en dúas anualidades: anualidade 2022, 258.000,00 €; anualidade 2023, 425.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda é un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. Outros datos

Unha vez acreditada a aceptación da subvención e logo de solicitude, poderase facer efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 80 % do importe da subvención.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

